

## **Forzas Armadas e política na Arxentina (1955-1966)**

**CARLOS SIXIREI**

Universidade de Vigo

Dende 1930 e ata tempos moi recentes, a República Arxentina non coñeceu outra cousa, agás os interregnos civilistas violentamente interrompidos de Arturo Frondizi e Arturo Illia, que gobernos militares en diversas reencarnacións "nacionalistas", "desenvolventistas", "revolucionarias", "patrióticas" etc.

Non deixa de ser paradóxico que o país con maiores índices de alfabetización, urbanización, educación superior e niveis de vida de Latinoamérica, fora incapaz, por mais de medio século, de artellar un réxime democrático no que os poderes civís se impuxeran ás ambicións militares. Resulta a paradoxa aínda maior se aplicamos os criterios que dende Europa e Estados Unidos se mantiveron durante moito tempo establecendo unha correlación directa entre democracia e niveis de desenvolvemento económico e social. Dacordo a esta visión países coma Venezuela ou Colombia terían moi pouco éxito nos seus intentos de afortalar unha democracia representativa, con partidos políticos fortes e coa hexemonía recoñecida do poder civil. Sen embargo iso foi exactamente o que aconteceu mentras que na Arxentina, onde se daban tódalas condicións, dacordo aos criterios dos analistas occidentais, para establecer unha vizosa democracia, ésta sucumbiu a cada intento de restaurala e as Forzas Armadas pasaron a ser as principais protagonistas da historia do país durante mais de cincuenta anos.

Tentar explicar esta situación levaríanos a analizar o papel dos militares dende a época da Independencia (pois aí radican moitas das poeiras que logo viraron en lamas) e explicar, asimesmo, a natureza do poder civil e dos grupos que o exerceron na Arxentina así coma as relacións entre estes e os militares. Obviamente, e por razóns dos límites que este traballo debe ter, tal obxectivo non é posible. Pero iso non nos xustifica da obriga de procurar expoñer, por mais que a exposición sexa breve, o papel que as Forzas Armadas desempeñaron na política arxentina nos anos Cincuenta e Sesenta deste século.

### **MILITARES E POLÍTICA NA ARXENTINA DOS CINCUENTA**

O 16 de setembro de 1955, o Xeneral de Artilería, Eduardo Lonardi, encabezaba en Córdoba unha revolta contra Juan Domingo Perón. Catro días despois, asumía a Presidencia Provisoria da República, dando por rematada a etapa peronista que se encetara en 1945 cos acontecementos do 17 de Outubro dese ano.

Afronte antiperonista era unha masa tan heteroxénea que resultaba difícil que daquel aglomerado de intereses contradictorios poidera xurdir un programa de acción común. Polo demais esa situación era a habitual nas algaradas arxentinas. A masa anti-peronista era efectivamente iso: "Anti", pero en absoluto "Pro". Noutras palabras: Os conspiradores estaban dacordo no que non querían, pero estaba aínda por definir o que querían. Así que a cacarexada "Revolución Libertadora"

resultou moi pouco libertadora, ao facerse contra a clase obreira, e non tivo nada de revolución. A reinstauración dun sistema liberal non supoñía outra cousa que devolverlle o control da política aos que a exerceran en réxime de monopolio durante moitos anos: As oligarquías, os militares e certos sectores das clases medias urbanas que, esquecidas dos acontecementos de 1930, estableceran unha alianza extemporánea cos mesmos que barreran a Yrigoyen e aos radicais.

Pero a revolta de 1955 presentaba algúns signos de orixinalidade que non auguraban nada bó cara o futuro. Ao contrario do que tiña acontecido en 1930 e en 1943 en que os gobernos foran barridos en cuestión de horas, para expulsar a Perón se precisaron catro días de loita, nalgúns intres, asañada, o que amosou que os militares estaban moi divididos. Tan divididos que, os primeiros actos do novo goberno consistiron en realizar unha fonda depuración das Forzas Armadas. Moitos xenerais foron conducidos a presidio e retirados pola forza numerosos cadros partidarios do Presidente deposto. Para substituílos, coma ten sinalado Imaz incorporáronse tódolos oficiais expulsados por Perón pola súa participación na revolta de 1951 e dos que os méritos "revolucionarios" se sobrepoñían a outras calificacións obxectivas. Producíronse ascensos en masa saltándose grados e que afectaron a oficiais sen estudos superiores nen cursos de especialización. Este precedente que marxina os sacrosantos regulamentos acabaría por producir tensións e, sobre todo, por establecer uns precedentes que volverían a funcionar en 1962 e 1963<sup>1</sup>.

Co que nos atopamos en 1955 non é cun golpe das Forzas Armadas coma institución senón mais ben cun enfrontamento entre dúas fraccións militares distintas. Isto non redundou precisamente en beneficio do profesionalismo. Mais ben pola contra, abriuse o camiño ao revanchismo e á intolerancia que sacudiron ao estamento militar nos anos seguintes ata o intre de levalo á crise mais grave da súa historia.

A división era tal que afectaba ao propio grupo vencedor. Unha tendencia, encabezada por Lonardi, anxeiaba chegar a algún tipo de acordo co peronismo. O lema que tiñan ergueito no intre do triunfo foi "Nen vencedores, nen vencidos". Eliminado Perón, non tiñan o menor incomenente en mante-las normas legais do réxime caído reformados nos seus aspectos mais totalitarios. Deste xeito foi respectada a CGT e o Partido Peronista puido, en certa maneira, continua-las súas actividades. Na busca do consenso cos derrotados, Lonardi, que era un extraño exemplo de militar modesto e conscente das súas propias limitacións, chamou coma asesores a persoas, algunhas da súa propia familia, que non so estiveran vencelladas ao goberno anterior senon que, ademais, representaban á facción extrema do nacionalismo peronista. De pronto, Arxentina se mellaba estar gobernada por unha sorte de peronismo sen Perón. E a isto non estaban dispostos unha gran parte dos vencedores da "Revolución Libertadora"

Nefecto, fronte ao pactismo de Lonardi, erguíase o sector revolucionario mais duro que defendía o desmantelamento total e inmediato da estrutura peronista e un regreso sen mais dilacións a un réxime liberal semellante ao que estivera vixente no país ata 1930. A cabeza visible deste grupo era o Vicepresidente da República, Almirante Isaac Rojas que contaba co total apoio da Mariña e dun sector do Exército dirixido polo Xeneral Pedro Eugenio Aramburu.

Os partidos políticos non actuaban mais unidos. Radicais, socialistas e conservadores enzarzáronse en interminables debates no seo dunha inútil Xunta Consultiva, presidida por Rojas, e que tiña a función de asesorar sobre os cambios na lexislación.

Ainda que Lonardi trato u de resistirse ás presións, éstas fixéronse insoportables ata chegar á crise. O 9 de Novembro demitía o Ministro do Exército, Xeneral Bengoa, home plenamente identificado cos postulados do Presidente e catro días despois, as Forzas Armadas retirábanlle a éste a confianza. Lonardi non renunciou pero retirouse sendo substituído por Aramburu. De inmediato apreciouse o xiro que lle imprimiron os novos dirixentes á política arxentina: A CGT foi intervida e

<sup>1</sup> José Luis Imaz: *Los que mandan*. Ed. Eudeba, Buenos Aires, 1965.

o Partido Peronista declarado fora da lei. Prohibíronse os himnos, emblemas, bandeiras ou símbolos do peronismo e ata facer mención do propio Perón que, despois de ter sido degradado e expulsado do Exército foi sometido, en ausencia, a un xuízo por traidor á patria mentras que os seus bens eran confiscados.

Que a fracción antiperonista non se paraba en barras amosouno a represión que seguiu á intentona de rebelión militar que tivo lugar do 7 ao 8 de Xuño de 1956. Foi éste un golpe pesivamente preparado e por iso mesmo resultou doadamente sofocado. O goberno, en resposta, implantou a lei marcial, deuse orde de fusilar a que n se ato para con armas na man e os cabezas da rebelión foron executados malia o feito de que as sentencias pronunciadas polos consellos de guerra se limitaban a condealos a prisión.

A política de Aramburu aliñou a Arxentina claramente de par dos Estados Unidos. O país ingresaba no Fondo Monetario Internacional e o plan económico ideado por Raul Prebisch, non era capaz de frea-la crise económica que se foi acentuando inexorablemente.

Se a economía ía mal, as saídas políticas non se vislumbraban mellores. As contradicións existentes entre os vencedores non facilitaban a convocatoria de eleccións nen a redacción dunha nova Constitución. Posta en vixencia a de 1853 polo discutible procedemento dos Decretos-Lei, unha Asamblea Constituinte, axuntada en Santa Fe, fracasaba estrepitosamente cando os radicais se retiraron da mesma ao cuestiona-la legalidade da súa convocatoria.

Entre os sectores da Mariña íase perfilando a idea dunha "dictadura democrática" que pretendía reserva-lo dereito de gobernar a unha élite de conservadores liberais quimicamente puros que non só eran antiperonistas senon tamén antirradicais. Por sorte, Aramburu non estaba polo labor de perpetua-la dictadura por moita denominación "democrática" con que quixera identificarse. Habilmente desviou as presións da Mariña e puxo fin ao seu mandato marcando Febreiro de 1958 coma data para ser sucedido por un Presidente elixido en comicios libres.

Pouco antes de ter lugar as eleccións, o líder da Unión Cívica Radical Intransixente (U.C.R.I.), Arturo Frondizi, chegou a un acordo cos peronistas e o candidato radical lanzo use á campaña cun discurso desarrollista e anti-imperialista que lle valeu o apoio de amplos sectores da esquerda, da mocidade e do peronismo ademais de nacionalistas e, o que resultaba bastante paradóxico, de bastantes católicos.

O goberno militar estaba, a aquelas alturas, en pleno descrédito. Á grave crise económica había que engadi-las fortes discrepancias entre as distintas armas. Por exemplo, a Aviación estaba enfrenteada á Mariña en razón da compra duns avións de combate que beneficiaban ao poder de fogo da Aeronáutica en perxuízo da Armada. Á súa vez, o Exército considerábase postergado pola adquisición dun portaavións de segunda man á Mariña dos Estados Unidos. Estes celos profesionais remataron por ter traducción política. A aviación apoiaba publicamente á dereita católica e nacionalista que se estaba aliñando tra-la figura de Frondizi. Pola súa banda, a mariña defendía posicionamentos ultraliberais e anti-peronistas recomendando o voto para o outro candidato radical, Ricardo Balbín, líder da Unión Cívica Radical do Pobo e claramente contrario ao peronismo. Balbín pasaba a converterse en candidato oficioso do goberno militar o que, naquelas circunstancias, era tanto coma regalarlle as eleccións a Frondizi. Perón, que se atopaba en Santo Domingo en Febreiro de 1958 e exercía de Presidente "in partibus", recomendou en carta aos militantes, votar por Frondizi, non porque se sentira atraído polo seu discurso ou confiara na súa política, senon porque apostaba a que un triunfo esmagador de Frondizi, revelara o poder do peronismo e obrigara ás Forzas Armadas a interrompi-lo proceso democratizador co que o réxime da "Revolución Libertadora" pasaría a converterse, aos ollos da opinión pública arxentina e internacional, no réxime da "Involución Opresora".

O 23 de Febreiro de 1958, Arturo Frondizi, candidato de "vinte millóns de arxentinos polo desenvolvemento económico, a legalidade constitucional e a paz social" era elixido Presidente da República contra o candidato oficialista Ricardo Balbín. A victoria foi esmagadora: AU.C.R.I conseguía 4. 100.000 votos contra 2.550.000 da U. C. R. P. Consegua igualmente tódalas

gubernacións e 133 escanos do Congreso fronte aos 52 de Balbín e 2 dos liberais da Provincia de Corrientes.

Pero Frondizi erguía ronchas polo que se consideraba o pacto contra natura asinado cas peronistas. Os militares non lle perdoaban a "traición" aos principios da "Revolución Libertadora" que tiña perpetrado este fillo de inmigrantes italianos. Os mais moderados das Forzas Armadas aceptaban a legalidade do proceso electoral pero negaban a lexitimidade de Frondizi. Os mais radicais, negaban ambas cousas. O retorno da oficialidade aos cuarteis e a recuperación do civilismo en política non semellaba doado. Dende ese intre Goberno legal, Forzas Armadas e Perón pasaron a converterse no trípode inestable sobre o que descansaba o sistema político arxentino, un sistema que se caracterizou pola febleza dos gobernos atezados entre o golpe de estado permanente e a ameaza revolucionaria da esquerda peronista.

Frondizi tiña un programa tan confuso que ninguén sabía exactamente que era o que propoñía. Gran parte do voto pro-Frondizi era, en realidade, un voto anti-militar. E o Presidente tampouca contribuía co seu discurso a aclarar-la situación. De anti-capitalista e anti-imperialista en 1956 pasou a defender-la libre empresa. De librepensador evoluiu a afervoado católico e de antiperonista convertiuse no principal valedor de Perón. Rapidamente a opinión pública pasou a atribuírle fama de duplicidade e maquiavelismo co que as súas posibles sinceras promesas resultaron sospeitosas e mesmo pouco creíbles.

Frondizi defendía no seu programa electoral unha política de integración e desenvolvemento baseada nunha gran alianza da clase obreira maioritariamente peronista e a burguesía industrial nacionalista. Esta política reflexouse xa nos primeiros meses de mandato nunha cascada de medidas legislativas que se ben, dunha banda beneficiaban aos peronistas (Lei de Amnistía e Lei de Asociacións Profesionais que establecía o sindicato único por rama productiva), doutra beneficiaba á Igrexa (Lei de Ensino Libre que quebraba o monopolio estatal do ensino superior) e aos inversores estranxeiros.

Ainda que os resultados económicos do Goberno Frondizi resultan moito mais positivos que os conseguidos polo goberno militar precedente, diante da opinión pública o Presidente nunca puido rentabilizalos. Collido nunha pinza entre militares e peronistas radicais, debeu soportar numerosas folgas dos obreiros petrolíferos, dos profesores, dos traballadores dos frigoríficos e dos ferroviarios, entre outras. Da outra banda, ao longo dos catro anos de mandato, houbo trinta tentativas de golpe de estado. E todo isto cun fondo de atentados perpetrados pola extrema esquerda peronista e outros grupos entre quen exercía total fascinación a recén triunfadora Revolución castrista.

Foi este factor o que rematou por internacionalizar-la vida política arxentina brindándolle aos militares un novo papel a desempeñar: Gardiáns da Seguridade Nacional.

A chegada de Castro ao poder alterou substancialmente a política externa norteamericana con respecto a Iberoamérica. Nunca, ata Kennedy, ningún Presidente dos Estados Unidos fixara a súa atención dun xeito global na política latinoamericana. Ata 1959 o comunismo non pasaba de ser un espantallo axitado, coma aconteceu en Guatemala, para defender os intereses norteamericanos na área. Pero, dende ese ano, o espantallo virara en ameaza real ás mesmas portas da casa. O "perigo comunista" pasou a converterse en pesadelo das clases conservadoras arxentinas. Os militares, con notable tendencia a magnificar-lo seu papel de gardiáns da soberanía nacional, eran moi receptivos a certas análises xornalísticas que situaban a Arxentina no inmediato punto de mira da estratexia expansionista de Moscú no Continente iberoamericano. Neste labor, os militares non estaban sós. A Igrexa organizaba xuntanzas de estudo sobre as responsabilidades dos cristiáns ante o perigo marxista. Se orquestraron campañas informativas e propagandísticas e diversos cregos achegados ao Cardeal Caggiano, Primado da Arxentina, escribiron colaboracións na "Revista Militar". A cousa non ficou aí e da propaganda escrita pasouse moi logo á acción preventiva organizándose grupos violentos de extrema dereita vencellados a organizacións católicas.

Dende 1958, a loita contrarrevolucionaria coma nova forma de guerra, ocupou un lugar preferencial na formación dos oficiais. Dende ese ano o número de artigos que a "Revista Militar"

dedicou á chamada "guerra subversiva" ocupou un lugar crecente pasando de un por número no ano devandito a seis por número en 1962. Este interés debeuse a dous factores fundamentais. Durante todo o goberno Frondizi, o Exército arxentino estaba controlado por unha fracción militar coñecida como "os colorados". Este grupo era furibundamente antiperonista e o seu obxectivo derradeiro era a implantación dunha dictadura tanto tempo coma fora preciso para garantir, de unha vez por todas, a hexemonía das forzas políticas liberal-conservadoras. Os "colorados" asumiron rapidamente as teses da doutrina de Seguridade Nacional que tiñan coma principais puntos os seguintes:

- A subversión constituía un inimigo oculto que formaba parte dunha "conspiración mundial" do comunismo contra a civilización cristiá occidental.
- O desenvolvemento económico e a seguridade nacional estaban vencelladas entre si e as Forzas Armadas non podían implementa-lo primeiro sen a segunda.
- Os militares tiñan dereito de supervisar e ata controla-los gobernos civís que, na medida en que fracasaran, debían ser derrocados.

En resumo: Os militares "colorados" preocupados pala subversión comunista, atribuíanse o dereito a poñer e depoñer gobernos que so tiñan lexitimidade na medida en que se adaptaban aos criterios ideolóxicos e programáticos das Forzas Armadas.

O segundo aspecto que influíu na preocupación pala loita revolucionaria foi a chegada de oficiais franceses. Os contactos entre o Exército arxentino e o francés comezaron en 1957 cando dous oficiais superiores galos chegaron a 80S Aires coma instructores da Escala Superior de Guerra. Estes especialistas, vence liados á O. A. S. e con experiencia na guerra de Arxelia, espallaron as novas teorías da guerra subversiva explicada no contexto do conflito Leste-Oeste e das navas estratexias impostas dende Moscú unha vez conseguido o equilibrio nuclear.

A influencia francesa reflexouse, en 1960, nun decreto promovido polos militares e coñecido coma Plan CONINTES (Comoción Interna do Estado). A idea era a de combati-lo peronismo pero moi logo se aplico u a todos aqueles, grupos ou persoas, que participaran en actividades terroristas ou actuaran de cómplices, encubridores, promotores ou instigadores de tales actividades. O Plan CONINTES, inspirado directamente na táctica aplicada polos franceses en Arxelia, dividía o país en diversos distritos militares cos seus respectivos comandantes aos que se lles outorgaban amplos poderes coma o de constituir tribunais especiais para xulgar "terroristas" á marxe dos tribunais civís.

O principal teórico do grupo "colorado" era o Xeneral Osiris Villegas quen propoñía, nun traballo publicado en 1963, o concepto de "guerra permanente". Virando a frase de Clausewitz, escribía: "A paz, é a continuación da guerra por outros medios... A guerra se desenvolve dentro das nosas fronteiras e os seus perigos son tan graves para a identidade nacional coma os da guerra clásica"... "A subversión é o procedemento elexido... a destrución da Nación, da Patria e das suas esencias permanentes é o obxectivo deste mortal inimigo"<sup>2</sup>.

O problema con que se atopaban os militares arxentinos era que sinalaban histericamente un perigo inexistente. O Partido Comunista Arxentino, nen con moita imaxinación podía ser considerado unha ameaza inmediata. Aínda que ben organizado tiña unha difusión moi limitada aos medios intelectuais e universitarios, pero a clase obreira continuaba a ser peronista. A febleza do partido e o escaso apoio con que contaba percibiuse nidiamente nas eleccións para a Asamblea Constituinte de 1957 nas que obtiveron 228. 821 votos. Ata os políticos mais propensos a enarbola-la bandeira da pantasma marxista declaraban que o peronismo era o mellar dique para evitar a penetración do comunismo entre os traballadores. Ademais o P. C. A. era declaradamente aposta á loita armada e ao "foquismo" coma estratexia revolucionaria. Mesmo os pequenos grupos guerrilleiros que

<sup>2</sup> Osiris G. Villegas: *Guerra Revolucionaria Comunista*. Ed. Pleamar, Buenos Aires, 1963.

agromaron en Tucumán e Salta en 1960, aínda ben que pretendían imita-la experiencia cubana, estaban formados integramente por xoves peronistas e nunca representaron un perigo para o Goberno.

O comunismo, nestas circunstancias, non semellaba que pairara naqueles intres sobre a sociedade arxentina agás que o demo, que sempre traballa e mais se é vermello, estivera xa infiltrado nas mais altas instancias do Estado e na mesma Casa Rosada. E tan peregrina teoría comezou a abrirse paso entre os militares. Non había comunistas, pero sí compañeiros de viaxe, parvos útiles e demais grea que estaban preparando os camiños, e non precisamente os do Señor. Un destes "compañeiros" chamábase, en opinión de círculos das Forzas Armadas e dos grupos conservadores, Arturo Frondizi.

Resulta inútil historiar tódolos planteos e intentos golpistas que o goberno democrático debe u enfrentar entre 1958 e 1962. Neses catro anos agotouse toda a variedade de formas de presión militar sobre un goberno civil: Dende o golpe de Estado directo ata o motín, a negativa a obedecer ordes do Poder Executivo, o veto a medidas gubernamentais, os planteamentos presentados ao Presidente polo Estado Maior etc etc. Coma di José Enrique Miguénz "Non houbo unha soia forma patolóxica de intervencionismo militar que non tivera sido exercitada"<sup>3</sup>.

O curioso foi que, malia a permanente tensión entre o Executivo e os militares, Frondizi resultou un home moi preocupado por mellora-la dotación das Forzas Armadas. A Mariña resultou a arma mais favorecida ao poder anovar completamente a súa flota de submarinos. A Aeronáutica tamén mercou material incorporando novos aparatos. De igual xeito se mercaron novos armamentos para o Exército. Todo este esforzo, sen embargo, non lle serviu de moito ao Presidente que, convertido na Besta Negra dos militares, acabou sendo derrocado.

Para as Forzas Armadas, Frondizi era, coma mínimo, un comunista en potencia. Un exemplo desta fobia o temos no acontecido na Provincia de San Luis: O 12 de Xuño de 1960, houbo un pronunciamento neste territorio contra o Goberno Constitucional. O líder da algarada, o Xeneral retirado Fortunato Giovannoni, fixo ler pola radio unha proclama na que se denunciaba "A podremia que ameaza con aniquila-las derradeiras reservas morais da sociedade arxentina e da que é responsable unha rede de funcionarios marxistas, enquistados no goberno, protexidos e adxudicados polo equipo trotskista dirixido persoalmente por Frondizi e que ten coma obxectivo instaurar na nosa Patria a República Popular marxista"<sup>4</sup>.

Estes textos delirantes que non podían ser tomados en serio por ninguén que estivera no seu sano xuízo, eran reflexo exacto do que pensaban, con matices de escasa importancia, os militares. E non só os militares. Eran aireados pola prensa conservadora, alentados polos radicais de Balbín e axitados polos católicos e os grupos de extrema dereita que funcionaban na universidade.

A valente postura que tiña adoptado Frondizi con respecto á Revolución Cubana á que non era partidario de aillar acabou por darlle aos militares o argumento que precisaban.

Na xuntanza da OEA en Punta del Este, en Xaneiro de 1962, os Estados Unidos pediron a expulsión de Cuba da organización. Seis países se abstiveron na votación, entre eles Arxentina. As reaccións internas que esta postura provocou foron virulentas. Os militares reuníanse febrilmente e o Secretario da Aeronáutica sentiuse na obriga de emitir unha orde xeral dirixida a tódalas unidades na que se reafirmaba o occidentalismo da Arxentina e o compromiso de defensa do mundo libre. Baixo fortísimas presións militares, Frondizi tivo que rompe-las relacións diplomáticas con Cuba.

<sup>3</sup> José Enrique Miguénz: *Una nueva metodología para el estudio de los golpes militares en Latinoamérica*. Revista "Estrategia", n.º 2, Julio-Agosto, 1969. Citado por Miguel Angel Scenna: *Los militares*. Ed. Belgrano, Buenos Aires, 1980.

<sup>4</sup> Citado por Alain Rouquié: *Poder militar y sociedad política en Argentina (1943-1973)*, Vol. II. Ed. Emecé, Buenos Aires, 1982.

Nen tan siquiera esa concesión que poñía o poder civil de xionllo diante dos fardados os calmou. En Marzo de 1962 a sorte estaba xogada.

Había ese mes eleccións parciais para renovar algunhas gobernaturas provinciais, entre elas a de Bos Aires. Os peronistas, proscriptos da vida pública, presentáronse baixo diversas siglas. Perón se tiña manifestado contrario a participar. Pero a presión das bases obrigou aos líderes do peronismo a ceder e o líder deixou facer. Os militares non estaban dispostos a permitir o regreso do peronismo ao poder aínda que fora en gobernacións de provincias. Frondizi lanzouse a unha campaña contra os peronistas e o país entrou en ferverza.

As eleccións tiveron lugar o 18 de Marzo e o peronismo non conseguiu ningún brillante resultado. De feito nunca tan mal ficou, gañou tan só en catro provincias contra dez da oficialista U. C. R. I. e unha da opositora U. C. R. P. Pero entre as provincias gañadas polo peronismo estaba Bos Aires. A resposta militar foi fulminante. Esa mesma noite o Alto Mando reclamaba do Presidente a anulación das eleccións, a intervención en tódalas provincias, a disolución do Congreso e a derogación da Lei de Asociacións Profesionais que beneficiaba á CGT. Frondizi accedeu tan só a intervi-las provincias onde triunfaran os peronistas. Era inútil. A esas alturas os militares xa estaban decididos a da-lo golpe. O Presidente estaba só. O gabinete renunciara e Balbín, líder dos "radicais do pobo", asumiu unha actitude pro-golpista, o mesmo que a maior parte das dirixencias partidarias de tódolos sectores políticos. Aínda tentou manobrar Frondizi. O 28, nunha entrevista cos tres Comandantes en Xefe, e cando xa comezara a ocupación de radiós e lugares estratéxicos polas tropas, anunciou que non demitiría, que non se exiliaría e que non tiña intención de suicidarse, por se alguén tentaba asasinalo. Retirado á residencia de Olivos comunicouse co Comandante da poderosa garnición de Campo de Maio para solicitar apoio contra os golpistas. A resposta foi: "Obedezco aos meus mandos naturais". Era o tiro de gracia contra o poder constitucional da República e quen apretara o gatillo era o Xeneral Juan Carlos Onganía.

Na madrugada do 29 de Marzo, o Xeneral Poggi enviou un radiotelegrama a tódalas garnicións do país: "O Señor Presidente da República ten sido deposto polas Forzas Armadas. Esta decisión é inamovible". Pouco despois o xa ex-Presidente era conducido nun avión militar ata a illa de Martín García, a mesma na que fora confinado Yrygoyen en 1930 e nela permanecería prisioneiro durante case un ano. Unha vez mais a Historia repetíase na Arxentina.

## **AS FORZAS ARMADAS ENTRE 1962 e 1966**

Os militares que triunfaron en 1962 non eran os mesmos que os de 1958 aínda que, igual que os seus predecesores, non sabían que facer co poder unha vez que o tiñan conseguido.

A comezos de 1962 unha fracción militar distinta á que ata entón exercera a hexemonía dentro das Forzas Armadas tiña accedido ao alto mando. Este cambio obedecía a un movemento entre a oficialidade, típico dunhas Forzas Armadas internamente moi divididas e nas que a estrutura xerárquica e a liña de mando non sempre funcionaban. Eran os chamados "azuis" que se semellaban aos seus compañeiros "colorados" no seu antiperonismo, pero se diferenciaban en que eran pouco partidarios de que os militares exerceran directamente o poder e sostían que, aínda que houbera necesidade de intervir derrocando a un Presidente, o goberno tiña que ser devolto o máis rapidamente posible á civilidade. Defendían tamén que os militares debían concentrarse nas súas actividades profesionais específicas. Os azuis, non estaban influídos pola teoría da guerra subversiva dos franceses senón pola doutrina da seguridade nacional dos norteamericanos. Esta influencia rapidamente se reflexará na chegada de instructores estadounidenses a Arxentina e no envío de oficiais arxentinos a prepararse en centros de adestramento militar de Norteamérica e da Zona da Canle de Panamá.

Unha vez mais no poder, os militares debatían sobre que camiño coller. Non había programas, non había ideas e non había proxectos. Tan só había o común sentimento de odio ao peronismo e

a calquera forma de esquerdismo. Non había tampouco ningún líder militar, naquel intre, capaz de poñerse á fronte das tres armas e facerse respectar por elas. Os intentos do Xeneral Poggi, Comandante en Xefe do Exército, para ocupa-la Presidencia fracasaron estrepitosamente pala oposición dos seus propios compañeiros de armas ademais dos grupos civís que só apoiaban ás Forzas Armadas na medida en que éstas fixeran o traballo suxo de eliminar a Frondizi, pero en ningún caso estaban polo labor de entregarlle o poder aos militares. E foron os civís, ante a inoperancia militar, os que maniobraron para formar goberno. O Vice-Presidente do Senado e membro da U. C. R. I. , José María Guido, instado por amigos e correligionarios, presentouse na Corte Suprema declarando que, dacordo coa Constitución e en ausencia dos Presidentes da República e do Senado, asumía a Xefatura do Estado. De inmediato dirixiuse á Casa Rosada e comunicou aos Comandantes en Xefe que era o novo Presidente.

Guido podía ter cumprido tódolos requisitos legais pero éstos non abundaban sen o previo visto bó dos militares. O flamante Presidente foi sometido a unha especie de exame no que os xenerais lle reclamaron a anulación das eleccións, a modificación da Lei de Asociacións Profesionais e unha firme actitude anticomunista e antiperonista. Guido dixo a todo que si e alí mesmo os altos mandos militares aceptáronno coma presidente solucionando deste xeito a cuestión sucesoria.

O novo mandatario era amigo persoal de Frondizi, home carente de ambicións políticas e conscente das suas limitacións tentou, no ano e medio que durou o seu mandato, conducir ao país á estabilidade institucional con doses abondosas de sensatez e de serenidade nun periodo que resultou extraordinariamente difícil.

En poucos meses Arxentina estaba nunha situación límite. Non só os militares impoñían cambios de ministros e mesmo de gobernos enteiros e, nalgún intre, a piques se estivo dunha guerra interna das Forzas Armadas que houbera arrastrado ao país a un conflito civil coma cando, en Abril, as tropas acourazadas da garnición de Campo de Maio case se lanzan a un combate coa infantería dos reximentos de Bos Aires por mor dun nomeamento na Secretaría de Guerra. E que con esta situación de inestabilidade a economía se resentía e todo o proceso de recuperación animado por Frondizi entrou en crise: A Bolsa caía constantemente, o peso devaluábase fronte ao dólar, a fuga de capitais e a interrupción da corrente inversora levaron a restriccións crediticias e a unha diminución da demanda interna. Ao mesmo tempo a reserva de divisas caeu a niveis preocupantes e unha pronunciada seca agudizou a tendencia a disminuí-la superficie sementada na Pampa. O Ministro de Economía, Alvaro Alsogaray, anunciaba en Maio que o Estado estaba á beira da bancarrota. Non era unha frase retórica. Nese mes, non se puido paga-los salarios dos 350.000 funcionarios estatais e o persoal do Exército tan só percibiu, dende o 15 de Xuño, o 50% do salario que se lle adebedaba dende fada dous meses.

A crise extendeuse por tódolos niveis. As Forzas Armadas vivían nun estado case crónico de anarquía. Os xefes de cada unidade se comportaban coma auténticos señores da guerra tratando de igual a igual cos seus superiores xerárquicos que non tiñan mando directo de tropas. A liña de mando estaba rota e os grupos de extrema dereita actuaban a gusto co apoio de determinados xefes militares que vían neles forzas suplementarias para enfortecele-la sua propia cuota de poder.

Con este panorama os servicios secretos israelíes secuestran en Bos Aires ao nazi Adolf Eichmann. De inmediato extendeuse por toda a sociedade arxentina unha oleada de antisemitismo. Á cabeza desta ola estaba unha banda armada de ideoloxía católico-fascista denominada “Tacuara de la Juventud Nacional”. Fundada a fins de 1957 tiña sido posta fora da lei o que non lle privou de contar con apoio e cobertura da Forza Aérea e da propia policía. Na sua campaña de ataques a comercios, sinagogas e centros sociais xudeus, tiveron coma instigador e financiador ao representante da Liga Árabe en Bos Aires, Hussein Triki. As relacións que Tacuara mantiña coa policía levaron a que ésta negara a autenticidad e dos atentados atribuindo os mesmos aos propios xudeus que os fabricaran artificialmente con fins políticos e de autoprotección. A policía federal chegou mesmo a deter a rapaces xudeus que distribuían volantes denunciando os excesos antisemitas.



Mentras tanto, o líder de Tacuara, Alberto Ezcurra, se declaraba publicamente "nazi" o que non lle impedía militar ao mesmo tempo na Acción Católica, e advertía na revista "Primera Plana":

"Tacuara defenderá os valores católicos en contra do imperialismo marxista-xudeo-liberal-masónico-capitalista. Nos non somos antisemitas por razóns raciais, pero somos inimigos do xudaísmo. Na Arxentina, os xudeus son servintes do imperialismo israelí que violou a nosa soberanía nacional cando secuestrou a Adolf Eichmann. Nesta loita temos moito en común con Nasser."<sup>5</sup>

Non eran só os xudeus. Tamén os sindicalistas foron vítimas da persecución do extremismo de dereitas. Diversos dirixentes gremialistas foron secuestrados e os seus corpos non apareceron nunca mais. Estaban nacendo os Escadróns da Morte en versión porteña ante a impotencia do goberno.

A Arxentina dos Sesenta semellábase extraordinariamente á Arxentina dos Trinta. No medio dunha descomunal crise económica, as clases conservadoras volvían a recuperar, pola vía da forza, os ministerios e as prebendas oficiais que as furnas lles negaban teimudamente por mais que se acreditaran coma únicos detentadores lexítimos do Estado. Os arxentinos de condición modesta, bourados pola crise, pensaban mais que nada en sobrevivir e non agardaban nada do réxime antiperonista, pola contra. A súa fe no líder e no Partido Xusticialista facíase mais militante e mais resentida. Pola súa banda, a clase media afundíase nun negro pesimismo e rexeitaba a dictadura disfrazada pero sen abrigar esperanzas políticas de recuperación.

En Setembro a situación era xa insostible, e as Forzas Armadas víronse envoltas nun feroz conflito interno que ameazaba virar en guerra civil. Deste conflito o sector "azul" rematou por impoñerse definitivamente ao "colorado", o que abriu a posibilidade de convocar eleccións para tratar de reconducir a situación cara vieiros de legalidade constitucional. Desta crise saía coma gran vencedor o Xeneral Juan Carlos Onganía que da xefatura da garnición de Campo de Maio era elevado a Comandante en Xefe do Exército. Emerxía unha figura que atinxiu de pronto gran popularidade pois a maior parte do país veu nel a un home capaz de impoñer orde e disciplina e devolve-la legalidade republicana.

Ainda habería outro intento colorado de golpe de Estado en Abril de 1963 apoiado corporativamente pola Armada. A súa derrota trouxo coma consecuencia a perda de poder da Mariña en beneficio do Exército. A derrota colorada desbloqueou os derradeiros obstáculos para celebrar eleccións que tiveron lugar en Xullo.

Para esta convocatoria, peronistas e frondizistas puxéranse dacordo en constituir unha plataforma electoral común, a chamada "Frente Nacional y Popular". O nome xa o dicía todo. E as connotacións que semellaba levar non eran precisamente coma para tranquilizar aos militares e aos sectores conservadores. Resultou inútil que a candidatura estivera integrada por un conservador, Vicente Solano Lima, e un frondizista, Carlos Sylvestre Begnis, sen presenza de xusticialistas. A Sociedade Rural e a Unión Industrial Arxentina, núcleos quintaesenciados do conservadurismo porteño, puxeron o berro no ceo en defensa da propiedade privada e da libre empresa esixindo do Goberno a ilegalización da Fronte e a prohibición absoluta das actividades do peronismo en calquera reencarnación na que se presentase.

Dende a súa perspectiva algunha razón tiñan. En plena guerra fría, Perón, dende o seu cómodo exilio de Madrid, estíbese descolgando cuns discursos furibundos e uns escritos incendiarios que acabarían recollidos en 1968 nun libro titulado "La Hora de los Pueblos" e que acabaría por converterse, malia a súa pobreza teórica, na Biblia dos grupos guerrilleiros de extrema esquerda, entre eles, os Montoneros. A "Terceira Vía" neutralista que propiciaba Perón, non exactamente

<sup>5</sup> Citado por Carlos H. Waisman: *The ideology of right-wing nationalism in Argentina: Capitalism, Socialism and the Jews*. Proceedings of the Ninth World Congress of Jewish Studies. Jerusalem, 1986.

coincidente coa do Movements dos Países non Aliñados, senón coma algo pretensamente orixinal, que denunciaba por igualo imperialismo capitalista e o imperialismo marxista e que non condenaba, mais ben expresaba a súa comprensión, os procesos revolucionarios recentes do Terceiro Mundo comezando poi a Revolución Cubana, da que, sen embargo, procuraba manter distancias, non era o mellor aval para tranquilizar ás clases conservadoras arxentinas.

Consecuencia de todo isto foi a exclusión da Fronte no mes de Maio das eleccións alegando o seu achegamento ao peronismo o que, polo demais, era completamente certo.

Cun amplo sector da poboación impedido de poder eleixir aos seus candidatos, os comicios celebráronse en condicións pouco propicias para despertar o entusiasmo da cidadanía. Aínda así a participación foi elevada (85, 5%). As consignas de abstención ou voto en branco preconizadas por Perón e Frondizi non foron seguidas masivamente coma se temía. A factor que influíu máis decisivamente na alta participación foi a candidatura do Xeneral Aramburu, figura clave da Revolución de 1955, e do que él representaba. Os electores votaron polarizados a favor ou en contra de Aramburu. A victoria, con gran sorpresa dos interesados, foi, finalmente, para o candidato da U. C. R. P., Arturo Illia, que non conseguiu un 25,8% dos votos, seguido de ascar Alende (16, 8%) cabezaleiro dunha facción da U. C. R. I. rebelde ás consignas abstencionistas e pro-peronistas de Frondizi. A máis paradoxico destes resultados, coma ten sinalado Jorge Abelardo Ramos, era que os vencedores duns comicios patrocinados polo bando "azul" das Forzas Armadas, eran o grupo político favorito dos militares "colorados"<sup>6</sup>.

Illia nunca gozou de boa prensa entre os historiadores. Félix Luna o describiu así: "Seguro de si mesmo, coa aterradora seguridade da xente sinxela, Illia estaba totalmente alleo á temática contemporánea"<sup>7</sup>. Rama non o trata moito mellor: "Medroso diante da oligarquía, rigoroso co proletariado, sen disimular o seu odio ao peronismo, incapaz de combatir ao imperialismo senon en palabras... e hipnotizado por un Nirvana rural irrealizable"<sup>8</sup>. Tiñan toda a razón. Illia non era o líder axeitado para a crise que se estaba a vivir. A economía estaba estancada e as respostas non foron axeitadas. Embarcado nunha demagogia pseudoantiimperialista, o Goberno tentou retomar os vieiros do desenvolvementismo frondizista coma se dende 1962 non tivera pasado nada e comezou por anular os contratos petrolieros coas empresas estranxeiras que permitían o autoabastecemento. A "petrolismo", coma se coñeceu esta política, pasou a converterse en supremo dogma desvencellado de calquera política nacionalista global. No medio dun mundo axitado, a política internacional e interna de Illia resultou dominada por un ambiente de siesta na que a filosofía dominante consistía en afirmar que a metade dos problemas se arranxan sós e a outra metade non os arranxa ninguén.

Pero se o goberno sesteaba o país non. A CGT peronista pasou a unha oposición sindical agresiva e combatente destacando a emerxente figura de Augusto Vandor, obreiro metalúrxico, con ideas propias e talento político que traballaba á marxe das consignas do líder supremo. Vandor foi dos primeiros en decatarse de que os militares acabarían por intervir e coller directamente o poder polo que se dedicou a tecer relacións con sectores da alta oficialidade que sempre estaba preparada para escoitar propostas intervencionistas. Vandor chegoulle a plantar cara a Perón nas eleccións para Gobernador de Mendoza. A Xeneral enviou a Arxentina, en apoio do sector ortodoxo, á súa muller Isabel Martínez, que, con este xesto, encetaba a súa carreira política. Nada casualmente, o que anunciaba o que podía ser o peronismo no futuro, Isabel foi escoltada e protexida por membros dun grupo de extrema dereita escindido de Tacuara en 1962 e que se denominaba "Movimiento Nueva Argentina". Por esas datas os grupos católicos de extrema dereita estaban virando cara

<sup>6</sup> Jorge Abelardo Ramos: *Revolución y contrarrevolución en Argentina*, Vol. V "La era del bonapartismo, 1943-1972". Ed. Plus Ultra, Buenos Aires, 1972.

<sup>7</sup> Félix Luna: *Argentina: de Perón a Lanusse*, Ed. Planeta, Barcelona, 1972.

<sup>8</sup> O. C. en Nota 6.

posición radicalizadas nas que se misturaban elementos antagónicos procedentes da doutrina do Concilio Vaticano II, do nasserismo, do peronismo e do castrismo na súa vertente guevarista.

Nen tan siquera os peronistas ortodoxos eran proclives a tales demostracións. O líder xusticialista John William Cooke, condenaba aos: "grupíños minúsculos que no nome de Perón, persiguen aos estudantes xudeos e delatan aos que presumen de marxistas. ¿Para qué queremos esta escoria? Se algún día triunfamos teremos que fusilalos a todos"<sup>9</sup>. A Historia encargárase de amosar quen ía, finalmente, a fusilar a quen.

A victoria do sector ortodoxo do xusticialismo non eliminou a Vandor. Pola contra, éste, liderando aos grupos máis radicalizados, encetou unha campaña de folgas e ocupacións de fábricas con claros propósitos provocadores para forzar unha intervención militar.

Illia, sen embargo, atopábase, por primeira vez en décadas, cunha cúpula militar limitadamente intervencionista en temas políticos. Onganía deixou claro nun discurso pronunciado na Academia de West Point en Agosto de 1964: Acatamento da Constitución, apoliticismo, defensa da soberanía e da integridade nacionais e das institucións republicanas. A obediencia do Exército ao Executivo tiña só un límite: Que o Goberno fora desbordado pola acción de minorías radicalizadas e extremismos foráneos. Certamente Onganía reclamaba unha participación das Forzas Armadas no desenvolvemento da Nación coma ente activo e dinámico. Pero esta participación non debería ter coma obxectivo o enfeblecemento e substitución do poder civil nas áreas que lle eran propias.

Establecíase unha doutrina de intervención limitada, a chamada "Doctrina West Point" que ía dirixida tanto aos radicais coma aos peronistas. Illia non se dou por enteirado.

Acomezos de 1965, o Goberno da U. C. R. P. viuse comprometido nun asunto internacional que o enfrentou ao Exército. Cando os Estados Unidos invadiron a República Dominicana, derivaron a crise aberta á O. E. A. solicitando o envío de tropas doutros países para disfrazar de "operación conxunta panamericana" o que non era outra cousa que unha intervención militar de Washington nun país soberano para evitar unha segunda Cuba. O goberno arxentino amosouse dacordo co proxecto norteamericano e mandou preparar un continxente de intervención. A protesta dentro das fileiras radicais foi tal que Illia debeu dar marcha atrás. Onganía, que anceiaba colocar a un xeneral arxentino á fronte da operación conxunta, viu coma este papel pasaba a ser desempeñado por un xeneral brasileiro e os soldados arxentinos ficaban sen intervir. Dende ese intre as relacións entre Illia e as Forzas Armadas foron de mal en peor culminando en Novembro coa dimisión do propio Onganía o que abría o camiño para o golpe tal e coma diversos comentaristas políticos afirmaron nese intre. Onganía, sen embargo, non era partidario de medidas de feito, posición compartida pola cúpula militar. Pero os coroneis e os cadros medios estaban moi descontentos e xa non vían máis saída para a situación que ocupar directamente o poder. O exemplo do acontecido en Brasil en 1964 atraía poderosamente e o camiño de desenvolvementismo adoptado polos militares do país veciño actuaba de imán para quen acreditaban que os gobernos civís, pola súa febleza, eran incapaces de levar adiante un programa de desenrolo integral, industrialización e modernización de infraestructuras.

Os primeiros meses de 1966 transcorreron nun auténtico baleiro de poder. A abulia gubernamental, unha abulia de carácter fatalista que impedía calquer reacción, era a única resposta á cadea de folgas, á crecente inflación, ao paro e ao terrorismo político e sindical. En Xuño os militares xa tiñan decidido intervir. Os militares, máis que un golpe directo, o que buscaban era provocar unha situación que forzara a Illia a reaxir e acceder a cambios no goberno e na política. Illia, que non acreditaba na posibilidade dun golpe, nun intre no que ata correligionarios del negociaban cos militares a modalidade no que había que dalo, pecho u calquer camiño coa súa actitude. O 27 dese mes, o Xeneral Pistarini, Comandante en Xefe do Exército, comunicoulle a Onganía que debería asumir de

<sup>9</sup> Perón-Coke: *Correspondencia*. Buenos Aires, 1973.

inmediato a primeira maxistratura. O golpe estaba en marcha. Tan só dous xenerais se opuxeron, e non porque estiveran en contra do golpe senón porque consideraban que Onganía non era a persoa axeitada para aquel intre. O tempo amosaría canta razón tiñan.

Nas horas seguintes sumáronse ao golpe a Mariña e a Aeronáutica. Na madrugada do día 28, Illia era desaloxado da Casa Rosada sen violencia, coma un empregado pouco eficiente. Sen escolta, gardando na súa soedade, por unha vez, toda a dignidade da Presidencia da República, retirouse á súa casa nun coche particular.

Con Illia caía o radicalismo en pleno, despois de ter probado a súa incapacidade para renova-la Arxentina. Co peronismo fora da lei e os conservadores incapaces de gañar as eleccións, tan só ficaban os militares. Se estes fracasaban o camiño para Perón estaba novamente aberto. Pois se non era Perón a alternativa era o caos.

## CONCLUSIONS

O destacado politólogo Samuel Huntington nunha obra xa clásica ten escrito: "Cando a sociedade cambia, outro tanto acontece co rol dos militares. No mundo da oligarquía, o soldado é un revolucionario radical; no mundo da clase media, é un participante e un árbitro; pero cando se albisca o acceso das masas ao xogo político, vira velozmente a gardián conservador da orde existente... É case unha realidade universal que onde hai un corpo de oficiais politizados, éstos opóñense á incorporación das clases inferiores urbanas á política... Este tipo de militares actúa coma porteiro na expansión da participación política nunha sociedade pretoriana; o seu rol histórico consiste en abri-lle a porta ás clases medias e pecharlla ás clases baixas"<sup>10</sup>.

O texto semella ter sido escrito para Arxentina. Nefecto, dende os primordios do país coma nación independente son escasos os intres nos que os militares, por activa ou por pasiva non interveñen directamente en política: Revolucionarios contra a oligarquía nalgúns intres, defensores das clases medias noutros, avangardas dos sectores conservadores por último. Aínda hoxe está por ver o intre no que a profesionalización das Forzas Armadas arxentinas, dacordo ás funcións que a Constitución vixente lles atribúe, prima sobre o anxeio secularmente expresado de impoñe-los seus criterios e a súa visión do mundo á sociedade civil.

Nos once anos que vimos de describir, os militares arxentinos fixeron do seu país tanto un Estado coma un reximento. Neste labor foron entusiasticamente apoiados polos partidos civís. Agás o peronismo, convertido en Besta Negra das Forzas Armadas, e, loxicamente, o comunismo, polo demais moi minoritario, os demais partidos esperaron nalgún intre que o exército respondera ás súas aspiracións, arranxara os problemas ou lles facilitara o acceso ao poder. Mesmo algúns sectores da esquerda agarimaron unha alianza con militares "progresistas" para facer pola forza a revolución que non podían facer polas vías democráticas. Os sectores nacionalistas de esquerda, eran proclives á intervención militar en política, ao que eles chamaban "alianza do pobo e do exército" para instalar no país un réxime de inspiración nasserista. As súas críticas dirixíanse tanto á dereita coma aos comunistas: "A cegueira militarista do nacionalismo clerical sen pobo que levou sistematicamente ás Forzas Armadas a unha ruela sen saída é correlativa á cegueira antimilitarista da vella esquerda cipaia, atada a intereses extranacionais que buscaron sempre divorciar ao pobo do Exército"<sup>11</sup>.

Pero, se ben os partidos arelaban que os militares lles sacasen as castañas do lume, os militares tiñan moi escasa propensión a entenderse cos partidos. A era militar, o período da Historia Arxentina que vai de 1930 a 1983 e na que se inclúen os anos que estamos a estudar, caracterizouse pola

<sup>10</sup> Samuel Huntington: *Political order in changing societies*. Yale University Press, New Haven, 1962.

<sup>11</sup> Jorge Abelardo Ramos: *Historia política del ejército argentino*. Ed. Peña Lillo, Buenos Aires, 1959.

aversión das Forzas Armadas ás agrupacións políticas civís, e polo cultivo dun sentimento de superioridade da mentalidade e os valores castrenses sobre calquer outro, agás os relixiosos, dos que, por outra parte, os militares considerábanse o brazo armado.

Pero o discurso anti-partidario logo, na realidade, caía en certas contradicións. E non era a menor que os propios militares acabaran por desenvolver unha actividade política propia que tamén se organizaba en partidos aínda que non foran denominados dese xeito: Os grupos de presión ideolóxica, as faccións internas, as ligas paramilitares e ata partidos propiamente ditos coma no caso do Xeneral Aramburu ao crear a UDELPA (Unión del Pueblo Argentino) e o mais extremo, o Xeneral Perón, creador do Movemento Xusticialista e os oficiais de alta graduación que en 1958 fundan o FEDRA (Frente de Entidades Democráticas Revolucionarias) liderados polo tenente xeneral Ossorio Arana e o vicealmirante Toranzo Calderón.

Malia todo o dito, as intervencións militares non foron "estrictu sensu", a causa da inestabilidade política crónica. Mais ben foron o seu efecto e o reflexo da prolongada crise política (mais de medio século) que viveu a Arxentina. E ata o golpe que leva a Onganía ao poder, as Forzas Armadas procuraron entregarlle aos civís o goberno o mais rapidamente posible. Os politólogos (que non os historiadores, que utilizamos outro tipo de conceptualización para o estudo destes fenómenos) afirman que esa crise política á que facemos referencia prodúcese no intre no que as solidaridades tradicionais vixentes nun sistema de hexemonía oligárquica quebran ao abrirse éste á participación de amplas capas populacionais, ata entón marxínadas e que provocan o desquiciamento do conxunto das relacións políticas. Robert Dahl chámalle a iso "sobrecarga de demandas"<sup>12</sup>. Esta situación é a fonte da crise permanente na medida na que os conductos habituais utilizados para responder a estas demandas non poden funcionar. O desenvolvemento político vai detrás da evolución social e económica e a única saída se mella ser a de réximes de forza que conteñan en marxes limitadas as trnaformacións sociais e, sobre todo, as demandas políticas. Aparecen así os estados pretorianos. O golpe de estado xurde coma un proceso de redistribución política que enfortece a lexitimidade do exército coma forza moderadora e de estabilización. Co apoio de numerosos grupos sociais, en Arxentina se chega, nestes anos á institucionalización da ilexitimidade que, malia os anxeios dos sectores pro-golpistas, acaba por propiciar un empate social entre as forzas emerxentes e as forzas en declive que non só non supera a crise de hexemonia senón que a perpetúa. E ata hoxe, cun goberno civil mais lexitimado polos seus primeiros éxitos económicos que polos resultados electorais e co principal partido da oposición en plena quebra ideolóxica e de liderazgo, os militares aínda aparecen na Arxentina coma posibles árbitros de situacións non controladas se estas reproducense novamente á escala que se teñen dado noutros intres da historia recente.

<sup>12</sup> Robert Dahl: *La poliarquía. Del autoritarismo a la democracia*. Ed. Guadiana, Madrid, 1974.

## BIBLIOGRAFIA

- CASAS, Nelly: *Fronzizi: Una historia de política y soledad*. Ed. La Bastilla, Buenos Aires, 1972
- DAHL, Robert: *La poliarquía. Del autoritarismo a la democracia*. Ed. Guadiana, Madrid, 1974
- FLORIA, Carlos y GARCIA BELSUNCE, César: *Historia política de la Argentina Contemporánea (1880-1983)* Alianza Ed., Madrid, 1988.
- HUTINGTON, Samuel: *Political order in changing societies*. Yale University Press, New Haven, 1968.
- IMAZ, José Luís de: *Los que mandan* Eudeba, Buenos Aires, 1965.
- LOZADA, Salvador et alii: *La ideología de la Seguridad Nacional*. El Cid Ed., Buenos Aires, 1983
- LUNA, Félix: *Argentina, de Perón a Lanusse*. Ed. Planeta, Barcelona, 1972.
- POTASH, Robert: *El Ejército y la Política en la Argentina, Vol. II, 1945-1962*. Ed. Sudamericana, Buenos Aires, 1982.
- RAMOS, Jorge Abelardo: *Revolución y Contrarrevolución en Argentina, Vol. V, La Era del Bonapartismo (1943-1972)*. Ed. Plus Ultra, Buenos Aires, 1972 *Historia política del Ejército Argentino*. Ed. Peña Lillo. Buenos Aires, 1959.
- ROCK, David: *La Argentina autoritaria*. Ed. Ariel, Buenos Aires, 1993. *Argentina, 1516-1987*. Alianza Ed. Madrid, 1988.
- ROMERO, José Luís: *Las ideas políticas en Argentina*. F. C. E. , Buenos Aires, 1981. *Las ideologías de la cultura nacional*. C. E. A. L. Buenos Aires, 1982.
- ROUQUIE, A. : *Poder militar y sociedad política en Argentina, Vol. II 1943-1973*. Emecé, Buenos Aires, 1984.
- SCENNA, Miguel Angel: *Los Militares*. Ed. de Belgrano, Buenos Aires, 1980.
- WAISSMAN, Carlos: *The Ideology of RightWing nationalism in Argentina: Capitalism, Socialism and the Jews*. International Center of Jewish Studies, Jerusalem, 1986.